

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 2 DE MAIO DE 2013**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 2 de maio de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez  
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Acta do Pleno da sesión celebrada o día 4 de abril de 2013.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 4 de abril de 2013 e non formulándose ningunha, a devandita acta resulta aprobada por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

**2º Ditame relativo á resolución das alegacións presentadas fronte á ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública e aprobación definitiva da ordenanza.**

Fai uso da palabra o sr Alcalde e dá lectura ó ditame da comisión de economía e facenda de data 25 de abril de 2013.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que antes de entrar no debate do punto da orde do día, dende o Grupo Popular quérelle dar a benvida ao novo medio de comunicación, presente no salón de Plenos, e que a súa presenza redundará na pluralidade, na liberdade e na democracia. Prosegue o concelleiro dicindo que gracias a que o PP presentou as alegacións volve a ser debatido a ordenanza de instalación de terrazas no pleno do Concello, aínda que despois tamén presentou AEVA alegacións. Di que é unha as alegacións que se propoñen aceptar son moi poucas en relación coas que propuxo o seu Grupo e que desexa facer algunha puntualización ás respostas do sr Presidente en relacións coas alegacións rexeitadas. Di o sr Blanco que na referencia á instalación de barra no exterior, pensa que sería máis apropiado que no apartado de prohibicións puidera estar reflectido que non se instalarán barras agás algunhas excepcións, como pasa nalgúns actos que se organizan nos barrios do Barco, pois non se pode negar unha realidade, que con respecto á eliminación da prohibición total de instalacións de elementos fixos, segue defendéndoo e que a pregunta do seu Grupo é porqué se poden instalar elementos fixos nas terrazas dos locais de Ponferrada ou da Rúa ou doutras localidades e no Barco non, que non entenden esa cerrazón absoluta a esa prohibición, pois é unha negación total ao non deixar ningunha excepción á norma e que pensa que é un capricho do Grupo de Goberno, que respecto do pago da licenza de instalación de terrazas que debería ser anual e facelo efectivo no mes de xaneiro posto que se instalan terrazas xa no Entroido, en Semana Santa e no Nadal, pola prohibición do consumo do tabaco nos locais, que outras das cuestións que o seu Grupo defende é a adaptación de zonas de aparcamento próximas aos bares para fomentar e permitir a circulación con garantías de accesibilidade de peóns, vehículos de minusválidos e coches de bebés, como se fai noutras localidades e que todas as cuestións que sinalou puxéronse xa en marcha noutras cidades e que non comprende porqué hai esa actitude do grupo de Goberno de denegación absoluta a este tipo solucións que se están a poñer en práctica noutras vilas e noutras cidades. Remata dicindo que o seu Grupo non vai a votar a favor neste punto da orde do día, recoñecendo que as outras partes do texto están ben, e que aínda que non é a ordenanza que

faría o PP están de acordo en que se fixera esta modificación pois é mellor ter un texto malo que non ter ou ter un que non estea adaptado á realidade deste momento.

Concédeselle a palabra ó sr. Sierra Nieves, quen despois de dar a benvida aos xornalistas de Radio Voz, di que pensa que o tema da instalación de terrazas está suficientemente debatido, polo que non vai repetir o que xa se dixo nas Comisión de Facenda e na presente sesión plenaria. Di o concelleiro que en relación coas modificacións, non está de acordo coa censura de horarios, pois cre que se debería estudar cada caso e cada rúa, sobre todo cada tempada do ano, e o mesmo opina respecto do texto que regula o mobiliario pois está redactado de forma tan ambigua que pode dar lugar a que nas zonas como o Malecón prolifere o desorde do que xa se ten falado en comisións, o favelismo.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, quen di que está de acordo con algo que dixo o voceiro do BNG, que este asunto xa está suficientemente debatido e que se están a repetir os mesmos argumentos de fai dous meses. Di o alcalde que sobre si de debe de poñer terrazas nos aparcamentos ou non, que efectivamente hai algunhas localidades onde se poñen e outras onde non se poñen, polo que terán as mesmas razóns os que deciden poñelas como os que deciden non poñelas, e que o que se dixo aquí tamén sería discriminatorio, pois nalgunhas rúas non se poderían poñer terrazas polo tráfico, e que case sempre é mellor ter unha norma común para todos. Di que con respecto ao pago da anualidade é o mesmo pagar de xaneiro a decembro que do 1 de abril ao 31 de marzo, é a mesma anualidade, que no debate estase a dar voltas a cuestións semánticas moitas veces e que coas alegacións á ordenanza é lóxico que cada un manteña as súas posicións e que o Grupo de Goberno manterá as súas.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen di que polo que dixo o Alcalde sobre as terrazas instaladas nos aparcamentos é mellor prexudicar a todos, e cre que o que habería que facer é explicarlles a situación particular aos donos dos establecementos, e non pechar a posibilidade de facelo e que si segundo o Alcalde dá igual a data do pago da anualidade porque rexeita a alegación do Partido Popular, xa que esa data estaba posta con anterioridade, cando as terrazas se solicitaban para catro meses.

Di o sr. Alcalde que é así, posto que a taxa púxose por meses e era difícil saber qué meses se podía instalar as terrazas en función do tempo que fixera, que despois a Corporación fixou a taxa anual en catro meses e co pago deses catro meses dá para todo o ano, e eso xa o saben os hostaleiros e

os funcionarios que levan o tema no Concello, e que si se segue por meses é por si alguén quere solicitar menos dos catro meses, como pasou en dúas ocasións ultimamente.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**PRIMEIRO: Resolver as reclamacións e suxestións presentadas no período de información pública do expediente de aprobación da ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública, tal e como segue:**

**1º Aceptar as seguintes alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular e modificar o texto inicialmente proposto tal e como segue:**

-Modificar o artigo 5 que queda redactado como segue: “Artigo 5. Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir na mesma os mesmos produtos que poidan selo expendidos no establecemento do cal dependen.”

-Modificar o artigo 12.2 que queda redactado como segue: “12.2 Sen prexuízo do cumprimento do apartado anterior, en calquera caso, o horario máximo de peche das terrazas será as 2:00 horas da mañá, agás as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as previas aos días festivos, no que o horario máximo de cerre das terrazas será as 3:00 horas. O horario de peche ampliarase ata o que se contempla no apartado 1 deste artigo para os días de festas de Santa Rita e do Cristo”

- Modificar o artigo 17 que queda redactado como segue: “Artigo 17. Número máximo de mesas e cadeiras

O número máximo de mesas e cadeiras por establecemento será de 14 e 56 respectivamente. Nas datas nas que se celebran as festas locais do Cristo e de Santa Rita, ou outras celebracións de interese xeral, poderase autorizar un número maior, previo informe da súa viabilidade pola policía local e previa autoliquidación da taxa correspondente.”

**2º Aceptar parcialmente as seguintes alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular e modificar o texto inicialmente proposto tal e como segue:**

-Engadir no artigo 4 o apartado 6 seguinte: “4.6 Queda estritamente prohibida a instalación de barras de servizos salvo autorización expresa do Concello.”

**3º Rexeitar as alegacións seguintes presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular ao texto inicialmente aprobado:**

-Eliminación da referencia á barra no artigo 2, xa que se considera que as barras non deben ser instaladas, salvo casos excepcionais, na vía pública.

-Eliminación da prohibición total para instalar algún elemento fixo ou permanente, xa que esta posibilidade requiriría unha concesión demanial e non unha licenza de ocupación de dominio público.

-Modificación da data tope para solicitar a licenza, xa que se considera máis conveniente para os solicitantes acercar o pagamento ás datas nas que máis uso van facer das terrazas.

-Renovación automática das licenzas, se as condicións non varían con respecto do ano anterior e o solicite o interesado, xa que é preciso que se leve a cabo unha autoliquidación previa á concesión.

-Modificación do artigo 19 suprimindo a referencia aos meses, xa que pódese dar o caso de establecementos de nova creación que soamente soliciten a licenza por un mes ou meses.

-Modificación do artigo 20, para atopar alternativas en beirarrúas estreitas e posibilidade de tarimas sobre zonas de aparcamento, xa que se considera que atentaría á seguridade viaria e ademais de eliminaría prazas de aparcamentos.

**4º Aceptar as seguintes alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios de Valdeorras e modificar o texto inicialmente aprobado da forma seguinte:**

-Alegación cuarta, quedando redactado ao artigo 12.2 tal e como figura no apartado 1º deste acordo.

-Alegación quinta, aínda que o Concello considera que xa se están producindo cambios no mobiliario, sempre baixo a iniciativa do empresariado e non por imposición do Concello, o artigo 21.4 queda redactado como segue: “21.4 A partir do ano 2014, a cor respectará unha liña suave, con brancos, beixe ou ocre claros para os toldos podéndose escurecer ata as cores madeira, café ou negros para o mobiliario. Poderanse autorizar mobiliario e cores diferentes sempre que veña motivado por unha proposta coordinada co local ou o seu entorno.”

### **5º Rexeitar as seguintes alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios de Valdeorras:**

-Alegación primeira: rexéitase a alegación realizada ao artigo 4.5, xa que ao xuízo do Concello non se considera conveniente para a estética das beirarrúas a presenza de calquera aparato de reprodución de imaxe e son. Por outra banda, a autorización excepcional regulada no artigo interpretouse de forma ampla, como puido ser a celebración dalgún concerto ao aire libre, actos ou eventos excepcionais, como campionatos deportivos, e a delimitación estrita dos supostos, tal e como solicita a asociación, impediría unha interpretación flexible polo órgano competente para conceder as autorizacións.

-Alegación segunda: rexéitase a alegación realizada ao artigo 9.1, xa que a xuízo do Concello, ata o día da data, e salvo problemas con obras, nos que prima o dereito da colectividade sobre o individual, as demais causas que provocaron a suspensión temporal do uso da terraza foron moi excepcionais como, por exemplo, a celebración de competicións deportivas como a milla urbana, e moi limitadas no tempo, causando mínimos prexuízos aos hostaleiros titulares da licenza.

-Alegación terceira: rexéitase a alegación realizada ao artigo 10.2, xa que a xuízo do Concello, é xusto que os titulares das licenzas que se benefician da ocupación do dominio público se ocupen de mantelo nas condicións axeitadas de limpeza, seguridade e ornato, ao igual que o fan cos seus locais e porque ademais o Concello xa realiza baldeos das beirarrúas onde se atopan as terrazas.

**SEGUNDO: Aprobar definitivamente a ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS, e proceder a publicar o seu texto íntegro no B.O.P. de Ourense e que é o seguinte:**

### **ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O fenómeno das terrazas experimentou nos últimos anos un gran desenvolvemento no Concello do Barco de Valdeorras como alternativa de ocio demandado pola cidadanía. Ante esta realidade, presentouse a necesidade de ofrecer aos titulares deste tipo de instalacións un marco normativo máis amplo, con maiores posibilidades e modalidades de desenvolvemento da súa actividade.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ó que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público municipal, mediante a súa ocupación temporal con mesas e elementos auxiliares das mesmas que constitúan un complemento da actividade que se ven exercendo en establecementos de hostalería en inmobles ou locais fixos.

### Artigo 2. Concepto

Aos efectos desta ordenanza entenderase por terraza o uso do solo de dominio público susceptible de aproveitamento relacionado coas actividades propias da hostalaría, mediante a colocación de mesas, cadeiras, antucas, estufas, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo en liña de fachada ou fronte ó establecemento, e sen barra de servizo distinta á do propio establecemento, como zona de extensión da actividade que se exerce dentro dos establecementos fixos, sempre con carácter temporal.

### Artigo 3. Licenzas

A ocupación de terreos de dominio público definidos no artigo 2 suxeitarase á licenza administrativa correspondente.

### Artigo 4 Prohibicións

4.1 Queda prohibida a ocupación polas terrazas e os seus elementos de entradas a galerías visibles, bocas de rego, hidrantes de incendio, saídas de emerxencia, paradas de transporte público regularmente establecidas, aparatos de control de tráfico, centros de transformación e arquetas de rexistro de servizo público, pasos peonís sinalizados, calzadas con circulación de vehículos.

4.2 Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada ou saída de vaos permanentes de paso de vehículos.

4.3 En ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira a realización dalgunha obra especial, agás os toldos. Así por exemplo non se atopan amparados coa licenza de terraza as casetas, quioscos ou similares.

4.4 Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, neveiras, grellas e elementos análogos nas terrazas obxecto de regulación na presente ordenanza.

4.5 Queda estritamente prohibida a instalación de calquera clase de aparatos reprodutores de imaxe e son, salvo autorización expresa do Concello.

4.6 Queda estritamente prohibida a instalación de barras de servizos salvo autorización expresa do Concello.

#### Artigo 5. Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir na mesma os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

#### Artigo 6. Actividades excluídas

A presente ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

#### Artigo 7. Efectos

7.1 Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade realizarase a risco de ventura dos interesados.

7.2 A licenza non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

#### Artigo 8. Dereitos do autorizado

O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza e demais preceptos legais aplicables.

#### Artigo 9. Excepcións

9.1 Maila o establecido no artigo anterior, cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización ou de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o Concello poderá revocar ou suspender a licenza concedida sen dereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso devolveráselle, a solicitude do titular da licenza, a parte da taxa que corresponda proporcionalmente ó tempo en que non poida manter instalada a terraza.

9.2 Para o caso de que puntualmente sexa preciso a utilización do dominio público para o que se concedeu a licenza de ocupación con terraza para a



celebración de actividades municipais requirírase a retirada sen dereito a indemnización algunha.

#### Artigo 10. Obrigas

10.1 Serán por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos e demais elementos, para o cal, de ser esixible, deberá estar en posesión da correspondente licenza.

10.2 Será obriga dos titulares das terrazas manter as mesmas e os elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos que puidesen lixar ó espazo público. Tamén lles corresponde aos titulares das terrazas a limpeza das beirarrúas e recollida diaria de mesas, cadeiras e demais elementos da terraza para o interior do establecemento hostaleiro. Non obstante, poderán quedar apiñadas na beirarrúa para o día seguinte, sen que se aten a elementos do mobiliario urbano, para o caso de que se continúe ao día seguinte coa utilización da terraza. Polo tanto será preceptivo a recollida dos elementos da terraza para o caso de que climatoloxía non fora posible o uso da terraza para a finalidade para a que se concedeu e tamén para o caso de que sexa ordenada a retirada nocturna polo Concello.

10.3 Rematado o período de instalación, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando, retirando todos os elementos que o ocupan ó día seguinte do remate do período de ocupación.

En caso de incumprimento, serán retirados polo Concello mediante execución subsidiaria a costa do titular, sen prexuízo do expediente sancionador que se inicie.

Este feito poderá dar lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións.

10.4 Queda prohibido almacenar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.

10.5 Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos sitos en inmoble ou local, que o titular deste teña concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos ós concorrentes e terceiros, derivados das condicións do local, así como do persoal que preste os seus servizos no mesmo, que inclúa tanto ó local propiamente dito, como ós seus anexos, incluída a terraza.

10.6 A instalación de estufas exteriores deberá axustarse as esixencias da normativa vixente e correspondentes homologacións.

## Artigo 11. Suspensión e sancións

A alcaldía, sen prexuízo das delegacións que estableza, a través dos servizos municipais, será competente para controlar o estrito cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como para a imposición das sancións.

## Artigo 12. Horarios

12.1 Os horarios de apertura e cerre da terraza estarán suxeitos ós horarios do establecemento segundo a licenza de actividade que teña concedida o establecemento hostaleiro.

12.2 Sen prexuízo do cumprimento do apartado anterior, en calquera caso, o horario máximo de peche das terrazas será as 2:00 horas da mañá, agás as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as previas aos días festivos, no que o horario máximo de cerre das terrazas será as 3:00 horas. O horario de peche ampliarase ata o que se contempla no apartado 1 deste artigo para os días de festas de Santa Rita e do Cristo”

## Artigo 13. Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

### 13.1 Son faltas leves:

- a) Instalación da terraza sen obter a autorización preceptiva.
- b) O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- c) O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos lindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- d) O incumprimento do horario de peche en menos dunha hora.
- e) A ocupación de maior superficie autorizada, en menos do 25%.
- f) Non recoller as mesas, cadeiras e demais elementos da terraza para o interior do establecemento hostaleiro cando proceda.
- g) Apiñar os elementos na beirarrúa para o día seguinte atando os elementos ao mobiliario urbano.
- h) Almacenar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles
- i) Calquera outro incumprimento das previsións desta ordenanza que non constituía falta grave ou moi grave.
- j) A instalación de mesas e cadeiras en número maior dos autorizados.

### 13.2 Son faltas graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo dun ano cando así se declarase por resolución firme.
- b) O incumprimento do horario de peche en máis de 1 hora.
- c) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- d) O deterioro grave dos elementos do mobiliario urbano.
- e) Non deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando unha vez rematado o período de instalación.
- f) Non ter concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos ós concorrentes e terceiros que inclúa tanto ó local propiamente dito, como ós seus anexos, incluída a terraza.
- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas, ou autorizadas pero fóra do horario ao que se limitaran.
- h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
- i) A non presentación do documento de autorización aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- j) A instalación de barras, billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, neveiras, grellas e elementos análogos nas terrazas.

### 13.3 Son faltas moi graves:

- a) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
- b) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- c) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- d) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.
- e) A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.

f) A venda de produtos alimenticios non autorizados.

#### Artigo 14. Sancións

14.1 As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas como segue:

- a) As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 300 €
- b) As faltas graves sancionaranse con multa entre 301 a 600 €
- c) As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 601 e 2.000 € podendo incluso ser revocada a licenza.

14.2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción contida e a sanción aplicada, debéndose utilizar para a súa gradación á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de tres infraccións da mesma natureza cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

14.3 A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se substanciará consonte ó disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

14.4 Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

## CAPÍTULO II. CONDICIÓNS PARTICULARES DAS LICENZAS.

#### Artigo 15. Capacidade para solicitar a licenza

15.1 Poderán solicitar a licenza para este tipo de ocupacións os titulares dos establecementos descritos no artigo 2 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

15.2 A taxa que por este concepto deberá pagar o titular da licenza será a que a tales efectos se fixe na ordenanza fiscal correspondente.

#### Artigo 16. Requisitos da solicitude

16.1 A data tope para solicitar a licenza será o 31 de marzo de cada ano, agás para os establecementos de nova apertura.

16.2 As licenzas solicitaranse perante o Sr. Alcalde-Presidente. Acompañarase coa solicitude a seguinte documentación:

- Indicación da data de concesión da licenza de apertura de establecemento.
- Póliza e recibo de pago do seguro de incendios do local e de responsabilidade civil. Para o caso de ter presentada a póliza será suficiente a presentación do recibo que acredite o seu pago.
- Memoria descritiva dos elementos de mobiliario que se pretende instalar na terraza, metros cadrados que ocuparía a terraza e número de mesas e cadeiras que se pretenden instalar.
- Xustificante da autoliquidación realizada da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas e cadeiras.

#### Artigo 17. Número máximo de mesas e cadeiras

O número máximo de mesas e cadeiras por establecemento será de 14 e 56 respectivamente. Nas datas nas que se celebran as festas locais do Cristo e de Santa Rita poderase autorizar un número maior, previo informe da súa viabilidade pola policía local e previa autoliquidación da taxa correspondente.

#### Artigo 18. Competencia e outorgamento da licenza.

Será competente para o outorgamento da licenza o alcalde, sen prexuízo das delegacións que se confiran.

Unha vez recibida a solicitude da licenza de ocupación de dominio público con terrazas, procederase a emitir informe da policía local sobre os efectos que terá sobre a circulación de peóns, os metros cadrados que poden ser ocupados polas terrazas e a distribución das mesas, cadeiras e demais elementos. A alcaldía poderá solicitar os informes que estime pertinentes.

#### Artigo 19. Vixencia das licenzas

As licenzas outorgaranse por anos naturais ou meses e deberán solicitarse con anterioridade a súa instalación.

#### Artigo 20. Limitacións de emprazamento

20.1 O saínte máximo dos toldos respecto ao ancho de beirarrúa será da metade da beirarrúa cun ancho máximo de 3 metros e respectando o arborado.

Para itinerarios peonís practicables, o ancho mínimo de paso será de 0,90 libre de elementos de urbanización (faróis ou sinais). O que implica un ancho libre medio de 1,20 metros sen contar bordos.

20.2 Tódalas terrazas serán delimitadas pola policía local.

20.3 No caso de establecementos lindantes, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, de acordo co ancho de fachada de cada establecemento afectado.

20.4 Se a terraza se sitúa pegada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder ós inmobles lindantes cun espazo mínimo de 2 metros.

#### Artigo 21. Estética

21.1 As terrazas terán un mobiliario harmónico en todos os seus elementos, especialmente as de cada praza ou rúa entre si.

21.2 Non se admitirán terrazas de cuberta ou toldo agás os ancorados á fachada ou antucas de pé. A cobertura debe respectar o arborado e os corredores de accesibilidade. Os tecidos serán lixeiros fuxindo de acabados plastificados, e en caso de levar publicidade será discreta e pouco rechamantes.

21.3 Cada terraza estará separada da contigua e delimitaranse por separadores de mobiliario urbano como xardineiras que en calquera caso constitúa un cerre perimetral lixeiro e de pouca altura, sendo a altura máxima 1,50 metros, que teña carácter móbil que permita unha retirada diaria e que será instalado polo establecemento.

21.4 A partir do ano 2014, a cor respectará unha liña suave, con brancos, beixe ou ocres claros para os toldos podéndose escurecer ata as cores madeira, café ou negros para o mobiliario. Poderanse autorizar mobiliario e cores diferentes sempre que veña motivado por unha proposta coordinada co local ou o seu entorno.

#### Artigo 22. Período da actividade

As terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización, podendo abarcar o mesmo todo o ano.

#### Artigo 23 Límites de ruído

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Todas aquelas terrazas que no intre de entrada en vigor da presente ordenanza tivesen autorización deberán adecuarse a vixente normativa.

#### DIPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública, publicada no B.O.P. de Ourense núm. 85, de 16 de abril de 2009 e as súas modificacións.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A entrada en vigor desta ordenanza producirase no día seguinte ao da publicación íntegra do seu articulado no B.O.P. de Ourense e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **3º Ditame sobre derogación inicial da taxa por aproveitamento especial do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de subministrados de interese xeral e aprobación inicial da nova ordenanza.**

Di o sr Alcalde que no ano 2011 aprobouse unha ordenanza para que a telefonía móbil tamén pagara o imposto que viñan pagando as empresas subministradoras de electricidade, gas, telefonía por cable, entre outras, que foi recorrida polas compañías telefónicas e ó final as sentencias non lle dan a razón aos Concellos, polo que as empresas de telefonía móbil non van pagar por este concepto, salvo que o Goberno legisle en consecuencia e facilite o proceso. Di que o equipo de goberno deste Concello foi moi prudente ao non incluír nos Ingresos as previsións que se tiña por este concepto e que a proposta que se fai polos servizos de Tesourería é derogar a citada ordenanza e modificar a actual practicamente nun apartado, co obxecto de liquidar a taxa trimestralmente, posto que ata agora facíase a liquidación ao ano seguinte.

Fai uso de palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do grupo municipal do PP, quen di que ao fío do que comentou o Alcalde de que o Goberno legisle en consecuencia con este tema, precisamente hoxe se aprobou en Comisión o proxecto de Lei de Impulso das Telecomunicacións para Galicia, esperando que sexa un bo instrumento para ese baleiro que existe moitas veces e os Concellos teñan máis seguridade á hora de enfrontarse aos operadores.

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.- En cumprimento do disposto nos artigos 15.1, 16 e 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acórdase, con carácter**

provisional, a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da da TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL

Segundo.- En cumprimento do disposto no artigo 15.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, derrégase, con carácter provisional, TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTROS DE INTERESE XERAL (aprobada Pleno 7/7/2011)

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os presentes acordos provisionais, así como o texto da Ordenanza Fiscal, expoñeranse ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Cuarto.- Dita exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da mesma e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a última de devanditas publicacións.

Quinto.- En caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Sexto.- O acordo definitivo de aprobación e derogación das anteriores Ordenanzas Fiscais e o texto íntegro da mesma haberá de publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, tendo efectos ao día seguinte da súa publicación e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### ANEXO TEXTO DA ORDENANZA

TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL



### Artigo 1. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 15 a 19 e 57 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRFL) aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo da vía pública do termo municipal de O Barco de Valdeorras a favor das empresas explotadoras de servizos de subministracións, que se rexirá polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRFL, na normativa tributaria municipal e na demais normativa municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal.

### Artigo 2. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible a utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo da vía pública do termo municipal de O Barco de Valdeorras a favor das empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

### Artigo 3. Obrigados tributarios

1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, e que utilicen privativamente ou aproveiten especialmente o solo, subsolo ou voo da vía pública municipal, con independencia do seu carácter público ou privado e de que sexan titulares das redes ou instalacións a través das que se efectúa a subministración ou titulares dos dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas. Entre outras, consideraranse como tales as empresas prestadoras, distribuidoras ou comercializadoras de:

- a. enerxía eléctrica, auga ou gas.
- b. servizos de telecomunicacións e outros medios de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable, ou calquera técnica que utilice redes ou instalacións que transcorran polo dominio público local
- c. calesquera outras empresas de servizos de subministracións que utilicen redes ou instalacións que transcorran polo dominio público local

2. Considerase que o servizo de subministración afecta á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza cando é posible ofrecerlo ao conxunto ou a unha parte significativa da poboación do municipio de O Barco de Valdeorras, con independencia da maior ou menor facturación no municipio, o da maior ou menor aceptación do servizo polos consumidores

### Artigo 4º. Período impositivo e devengo

A taxa ten natureza periódica e devéngase o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, agás nos supostos de inicio ou cese no uso privativo

ou aproveitamento especial no que o período impositivo axustarase a estas circunstancias.

#### Artigo 5. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible está constituída polos ingresos brutos procedentes da facturación obtidos anualmente no termo municipal polos obrigados tributarios sinalados no artigo 3 desta ordenanza como consecuencia dos servizos de subministracións realizados, incluíndo os procedentes do aluguer, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos equipos ou instalacións, propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos servizos de subministración e, en xeral, todos os ingresos da facturación realizada polos servizos da actividade propia das empresas explotadoras de servizos de subministracións.

Deberán ser incluídos na facturación o importe de todos os servizos de subministracións efectuados aos usuarios no termo municipal de O Barco de Valdeorras aínda cando as instalacións establecidas para realizar a subministración concreta estén ubicadas fora de dito termo ou non transcurran en todo ou en parte pola vía pública.

Tamén forman parte da base imponible das empresas titulares das redes de subministracións as cantidades recibidas doutras empresas en concepto de acceso ou inteconexión ás citadas redes.

2. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación:

- a) os impostos indirectos que graven os servizos prestados
  - b) as subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas podan recibir
  - c) as cantidades que podan recibir por donación, herdanza ou por calquera outro título lucrativo
  - d) as indemnizacións esixidas a terceiros por danos e prexuízos, agás que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que cabe incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 1 deste artigo
  - e) os produtos financeiros, como dividendos, xuros e calquera outros de natureza análoga
  - f) as cantidades procedentes da enaxenación de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio
  - g) os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado
  - h) as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplica este réxime especial de cuantificación da taxa
3. Os ingresos brutos a que se refire o apartado 1 deste artigo só se minorarán por:
- a. as partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que houbesen sido anuladas ou rectificadas
  - b. as partidas incobrables determinadas segundo o disposto na normativa reguladora do imposto sobre sociedades

c. os importes satisfeitos a outras empresas titulares das redes, en concepto de acceso ou interconexión ás mesmas

4. A cota tributaria será o resultado de aplicar o 1,5% á base imponible definida neste artigo.

#### Artigo 6. Normas de xestión

1.- Os obrigados tributarios deberán presentar no Concello de O Barco de Valdeorras antes do 28 de febreiro de cada ano unha declaración do importe dos ingresos brutos facturados correspondentes ao exercicio inmediato anterior, desagregado por conceptos, de acordo coa normativa reguladora de cada sector. En todo caso deberá incluír:

a. importe dos ingresos brutos facturados aos consumidores finais con indicación do número de clientes facturados

b. importe das cantidades percibidas de terceiros por dereitos de acceso ou interconexión a redes propiedade de terceiros con indicación dos suxeitos titulares das redes e dos importes

c. importe das cantidades aboadas por dereitos de acceso ou interconexión a redes propiedade de terceiros, con indicación dos suxeitos titulares das redes e dos importes

d. importe dos ingresos excluídos segundo o artigo 5 desta ordenanza fiscal, con identificación das empresas titulares das redes ás que se abonaron importes de acceso ou interconexión ás mesmas

2.- O Concello practicará liquidacións trimestrais, que terán o carácter de provisionais e de pagos a conta, en base á declaración anual que presente o obrigado tributario de acordo co apartado 1 deste artigo.

Estas liquidacións trimestrais calcularanse aplicando o 1,5% sobre o 25% dos ingresos brutos declarados polo obrigado tributario como facturación do exercicio inmediato anterior.

No suposto de inicio no uso privativo ou aproveitamento especial non se practicarán liquidacións trimestrais provisionais no exercicio da alta e practicarase a liquidación correspondente á cota tributaria anual no ano seguinte de acordo coa declaración á que se refire o apartado 1 deste artigo.

No suposto de cese no uso privativo ou aproveitamento especial, a liquidación trimestral incluírá o trimestre no que se produza o cese.

3.- O importe da cota tributaria anual liquidarase no primeiro trimestre do exercicio seguinte, e será a diferenza entre a cota tributaria e os pagos a conta realizados no exercicio anterior. Se a diferenza é positiva o obrigado tributario deberá ingresar o importe correspondente e, se é negativa, compensarase co primer pago a conta ou, no caso de non ser posible, procederase á devolución.

#### Artigo 7. Infraccións e sancións

1.- Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e a normativa de desenvolvemento

2.. O incumprimento do deber de declaración á que se refire o artigo 6 desta ordenanza calificarase como infracción tributaria nos termos sinalados na LXT e demais disposicións aplicables.

#### **4º Ditame para adhesión do convenio AEAT-FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria das Entidades Locais.**

Di o Alcalde que este punto é un tema técnico e que se trata da adhesión do Concello do Barco a unha serie de convenios que asinou a Axencia Tributaria e a FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria das Entidades Locais. Di o Alcalde que son tres convenios que nun principio son beneficiosos para o Concello, poñendo como exemplo que se poderá acceder dende o Concello ao certificado de estar ao corrente do pago co Estado das empresas que se presenten a unha licitación neste Concello, mentres que antes tiñan que facer a tramitación as empresas interesadas, ou por exemplo, poder acceder aos datos do IRPF de calquera contribuínte que teña que presentalos neste Concello. Di que tamén hai nalgúns supostos algún tipo de colaboración na xestión recadatoria, aínda que se produce unha discriminación cos concellos pequenos, posto que as cidades de máis de 50.000 habitantes ou capitais de provincia, aínda que teñan menos de 50.000 habitantes, poden asinar un convenio coa Axencia Tributaria para que lles faga a recadación en executiva, pero non as cidades de menos 50.000 habitantes.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do grupo municipal do PP, quen di que estes convenios son positivos pois estase a falar de racionalizar a administración, de que se teña unha administración máis eficiente para os administrados. Di que pensa que se gañará en control e en transparencia, e que calquera acordo coa axencia tributaria ten que ser positivo.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

#### **1.- Prestar aprobación ao “Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e**

**Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración en xestión recaudatoria cas Entidades Locais” e a súa “Addenda o Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria cas Entidades Locais” e, polo tanto, acordar a adhesión íntegra do Concello do Barco de Valdeorras ao convenio e addenda.**

**2.- Facultar ao alcalde para realizar todas as xestións precisas para conseguir a efectividades deste acordo.**

**5º Ditamen sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Silvia Prada García.**

Di o sr Alcalde que trátase dunha obra de reparación de cuberta no muíño de Éntoma.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

**Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por Dª Silvia Prada García (R.E. 28 de febreiro de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.**

**Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.**

**6º Ditamen sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Mª Asunción Valcarce Álvarez.**

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación para unha obra de consolidación de taludes y peche de finca na Vila do Castro

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

**Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por Dª Mª Asunción Valcarce Álvarez (R.E. 26 de marzo de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.**

**Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.**

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, voceiro do grupo municipal do PP, quen di que aínda que lle cause malestar ao sr. Alcalde quere seguir insistindo que a bonificación tería que ser para a meirande parte das obras, como xa propuxo o seu Grupo no seu momento, nunha situación económica como na que se está actualmente, que o seu Grupo pensa que están ben as bonificacións pero que se deberían ampliar, aínda que fora en menor porcentaxe, ás construcións e arranxos de fachadas, que tamén contribúen a embelecer e a mellorar cultural, social, histórica e artisticamente á vila do Barco.

**7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal Socialista sobre a retirada do anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde concédelle a palabra ó concelleiro delegado de Educación, sr. Alonso Araújo, quen despois de comunicar á Corporación que hai unha emenda á moción presentada polo BNG, dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

**“MOCIÓN SOBRE RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE)**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A educación en España mellorou extraordinariamente nos últimos anos, tal e como testemuñan os estudos de organismos internacionais. Hoxe os niveis de escolarización son máis altos que nunca e todas as etapas educativas, a porcentaxe de abandono escolar prematuro diminuíu substancialmente nos últimos anos, e somos un dos países que máis avanzou nos últimos anos en rendemento e equidade. O resultado é que hoxe dispomos dun sistema educativo cun nivel crecente de calidade, organizado como un servizo público universal, que chega a toda a poboación en condicións de igualdade e de calidade.

O último impulso a este avance prodúcese en 2006, cando tras un intenso debate e un diagnóstico rigoroso, apróbase a Lei Orgánica de Educación cun altísimo grao de acordo entre comunidade educativa, organizacións sociais e forzas políticas. Esta lei xunto ao aumento sostido durante varios anos dos orzamentos para educación, permitiron un enorme avance nos obxectivos da estratexia da UE para o 2020.

Este logros están agora en perigo ao presentar o Goberno de Mariano Rajoy un novo anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa de carácter extremadamente conservador, regresivo para a educación pública e que supón un cambio profundo na organización da educación en España. A realidade é que para a súa elaboración servíuse dos seus principios ideolóxicos, renunciando á elaboración dun diagnóstico rigoroso, compartido e coherente das necesidades e obxectivos educativos para os próximos anos.

Esta nova reforma abre un camiño tan inxusto como ineficaz posto que asume que segregando pronto aos mozos redúcese o fracaso escolar. As medidas propostas van claramente encamiñadas a excluír canto antes do sistema escolar precisamente a quen máis necesitan da escola, e a formar aos nenos e aos mozos expresamente con criterios competitivos.

Un Anteproxecto de Lei que se utiliza como elemento arreboladizo entre españois e que busca degradar as linguas cooficiais, á vez que promove un proceso de recentralización que obvia a contribución das CCAA á mellora da educación en España.

Desde logo, non se entende qué razóns, fóra das puramente ideolóxicas, avalan o fortalecemento do ensino da relixión católica e permiten eliminar a formación cívica da Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

Un Anteproxecto de Lei que mostra unha desconfianza preocupante cara ao docente e que pon toda a súa fe nas reválidas, nas avaliacións e nos rankings.

En definitiva, unha reforma educativa que supón un menoscabo para a escola pública e que demostra unha profunda desconfianza sobre o papel indispensable e positivo que esta xogou no desenvolvemento dos últimos trinta anos en España.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte MOCIÓN para a súa aprobación no Pleno:

## MOCIÓN

1.- Instar ao Goberno de España:

-A retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

-A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico no que participen a Comunidade Educativa, o Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación.”

Di o sr Alonso Araujo que, como xa anunciou antes, hai unha emenda á Moción que presenta o BNG.

Concédeselle a palabra ó sr Sierra Nieves, quen di que a emenda é para engadir dous puntos ao acordo da Moción, co que quedaría do seguinte xeito:

- 1.- A retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- 2.- A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do estado a retirada do *Anteproxecto da lei orgánica de mellora da calidade educativa*, por invadir as súas competencias.
- 3.- A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico no que participen a Comunidade Educativa, o Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación.
- 4.- A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo, quen di que como é unha emenda á Moción presentada polo PSdeG-PSOE, o seu Grupo entende que en primeiro lugar a Moción presentada refírese a retirada da LOMCE polo Goberno central, que é o responsable do proxecto de Lei, polo tanto a quen se ten que dirixir é ao Goberno de España e no ao Goberno da Xunta de Galicia. Di que, en segundo lugar, o apartado 4 da emenda que presenta o BNG xa estaría recollido na parágrafo 2 da Moción presentada xa que coa solicitude da retirada da Lei e coa apertura dun proceso de diálogo e análise das necesidades e os obxectivos no que terían que participar, entre outros, as Comunidades Autónomas, incluídos os Parlamentos, e os Consellos escolares autonómicos, se estaría abrindo un debate global no que loxicamente se tería que formular a diversidade lingüística e o fomento da lingua propia, como partes inseparables do propio sistema educativo, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE van manter a Moción nos termos nos que foi presentada.

Sometida a votación a emenda presentada é rexeitada, en votación ordinaria, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araujo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e un voto a favor (do concelleiro Sierra Nieves).

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, sr Blanco Paradelo, que di que o sr. Alonso Araujo está a presentar moción por mes, e



que se lle permite o matiz, esta non é unha Moción que presenta o PSdeG senón que o fai o PSOE en toda España, e que fan ben en traela pois saben que neste Concello ó ter a maioría, vai saír adiante. Di o concelleiro que o tema do que trata a moción non é un tema pechado pois aínda está en tramitación e que quere facerlle algunha aclaración ás afirmacións que se fan na Moción, como que fronte ao triunfalismo que se amosa na mesma sobre a situación da educación en España, a realidade é que no noso país temos unha taxa abandono educativo superior ao 26% o dobre da media europea, cun baixo rendemento escolar xeneralizado, quebrándose a igualdade de oportunidade dos nosos mozos e das nosas mozas e que como consecuencia sofren unha taxa de paro que supera o 50% da media a nivel nacional, pois en Galicia os datos son mellores ou non son tan negativos. Di que tamén hai unha taxa de fracaso escolar que rolda o 30%, polo que hai que buscar unha solución e modificar a Lei. Di o sr. Blanco que en España lévase en todo o período de democracia practicamente cos sistemas educativos socialistas e cando chega o PP, que tamén ten dereito a tratar de cambiar as cousas e modificalas, os do Partido Socialista non queren aceptalo, e eso é ter pouco talante. Prosegue dicindo que a LOMCE non ataca ningunha lingua cooficial do estado, limitase a garantir o dereito constitucional de coñecer o castelán, e que a LOMCE recolle o espírito da política educativa de Galicia, pois desde que chegou ó goberno da Xunta o Partido Popular erradicouse o problema social sobre o uso das linguas, e vostedes saben que eso é verdade. Di o concelleiro que lle sorprende que o PSOE presente este tipo de reivindicacións intentando erradicar o castelán das aulas, pois é máis lóxico que o fixera o BNG pois entra dentro do seu ideario e eso é respectable. Di que en canto á relixión o PSOE ten unha postura moi hipócrita, pois cando os socialistas están na oposición sempre din que hai que revisar o Concordato e darlle unha revisión a todos os acordos, pero cando están no goberno non revisan nada, pois ata a implantación da materia de relixión nos centros públicos foi cousa de Felipe González. Di o sr. Blanco que na Moción se afirma que o anteproxecto mostra unha desconfianza preocupante cara ao docente, cando a realidade é que o actual Goberno está negociando o contido do Estatuto do Persoal Docente, como ben sabe o sr. Alonso Araujo, estando previsto que se contemple a consideración do profesor como autoridade pública. Remata o voceiro dicindo que hai que deixar traballar ao Goberno posto que a Lei segue coa súa tramitación, que hai un programa electoral que tivo un respaldo maioritario e democrático e o que ten que facer un goberno é tratar de cumprir o seu programa electoral aínda que noutros eidos resulte complicado.

Concédeselle a palabra ó sr. Sierra Nieves, quen di que o anteproxecto da LOMCE significará un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Di que o anteproxecto presenta un texto fundamente centralizador, clasista e sexista que pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático e que entre estas eivas non deixa de ser relevante a falta de diálogo social co que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa e de diferentes colectivos implicados, con grande oposición social e política e que a proposta da LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas, o que supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do estado español. Di o concelleiro que a LOMCE, fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico, elimina a opción da inmersión lingüística o establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais, e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe unha consideración inferior á da lingua estranxeira. Di o sr. Sierra que se leva tempo asistindo a unha situación esperpéntica por canto existen sectores políticos e mediáticos que pretende trasladar á opinión pública que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que non falan esta lingua. Di que si se aproba a LOMCE o que provocará será a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión, e que o anteproxecto reforza moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas sexan os referenciados ao uso do castelán. Remata o sr. Sierra Nieves dicindo que o BNG vaise a abster pois parécelle innegociable retirar o punto 4 da emenda que fai referencia á lingua propia do país e á diversidade lingüística do estado español, e ademais que a referencia á Xunta de Galiza é simplemente porque non se poden saltar as xerarquías da administración e que o anteproxecto invade competencias das comunidades autónomas.

Fai uso da palabra o concelleiro sr. Alonso Araujo quen di que respostar ao voceiro do Partido Popular. Di que a Moción vai saír adiante pero que espera que ó final do debate o Partido Popular se reformule votar a favor da mesma. Prosegue dicindo que, en relación ao triunfalismo da realidade educativa española ao que fai referencia o sr. Blanco, vai dar catro datos para refrescar a memoria, pois no ano 1998 a poboación española que tiña soamente estudos primarios era do 67%, e dez anos despois pasou a un 49%, con estudos superiores neses dez anos pasouse do 20 ao 29% e do 13 ao 22% en estudos de secundaria obrigatoria. Di que a taxa de escolarización medrou nove puntos entre o 1999-2000 ao 2009-2012 e a taxa do abandono prematuro do sistema educativo, o índice de abandono

educativo entre persoas de entre 18 e 24 anos sen haber obtido ningunha titulación, baixou do 30 ao 26,5% en tres anos, precisamente cando se implantou a LOE. Di que si se leva toda a etapa democrática con leis educativas socialistas, como di o sr Blanco, será porque son boas e funcionan, pois o PP intentou facer unha lei no ano 2002 e non foron quen de poñela en marcha. Di o concelleiro que a LOE puxo en marcha unha serie de medidas, que agora o ministro Wert acaba de cercenar, que foron de apoio, de reforzo e programas de formación profesional inicial que deron un bo resultado. Di o sr. Alonso que o gasto público en educación en España entre o ano 1999 e o 2009 pasou do 4,43 ó 5,07 do P.I.B., e no 2012 baixouse ó 4,81 co ministro Wert e cun goberno do Partido Popular, cunha previsión para o ano 2013 moito peor cun obxectivo de redución ata o 3,9 %. No período entre o ano 1980 e o ano 2010 o profesorado incrementouse nun 30,2% o que fixo descender a ratio de alumnos/profesor, que é unha das claves do éxito do avance da educación en España, que se encontra en perigo dende que Wert se puxo como obxectivo o despido de 50.000 docentes e o aumento das ratios nas aulas. Di o concelleiro que para rematar a exposición de datos, vai dar os relativos á becas e axudas ao estudo que recibiron un avance histórico no número de becarios e nas contías en España nos últimos anos, destinándose mil seiscientos millóns de euros no ano 2011 e no ano 2013 mil douscentos millóns de euros. Prosegue o sr. Alonso Araujo facendo unha exposición do anteproxecto da LOMCE, dando lectura a determinados parágrafos do texto, concluindo que a maior parte do articulado da futura Lei está dirixido a que os alumnos españois melloren as probas do informe Pisa para subir dentro do ranking mundial de países cunha gran educación e que todo elo implica competencia aberta entre os centros educativos que van a funcionar como empresas para loitar por ter os mellores alumnos.

Di o sr. Alonso que quere aclarar que a asignatura de Relixión non foi implantada por Felipe González, como sinalou o voceiro do PP, senón que foi Otero Novas, ministro de educación co goberno de Adolfo Suárez, no ano 1980. Di o sr concelleiro que o Consello de Estado acaba de presentar unha emenda case á totalidade da Lei, reclamando, entre outras, un acordo xeral das forzas políticas e sociais, é dicir, consenso no debate da Lei. Di que en resumo a valoración que se pode facer da LOMCE é que crea inestabilidade lexislativa, é enganosa na súa denominación, pois fala de calidade cando non é certo, é antidemocrática, mercantilista e ideolóxica, potencia a escola concertada fronte á pública e, en definitiva, que segundo está plantexado o anteproxecto é unha Lei de regreso e non de progreso.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen lle di ó sr Alonso que non o convenceu coa súa exposición, e que ademais non cre que este tema sexa

responsabilidade do Concello. Di que dos obxectivos que sinalou o concelleiro só dixo ben un porque dos outros fixo unha interpretación persoal. Di o voceiro que no tema da relixión tivo tempo cando gobernou o PSOE con maiorías absolutas de cambialo e non o fixo e agora recriminan aos demais. Di o concelleiro que o immobilismo ou a defensa pechada dun modelo educativo fracasado, como foi o do PSOE, contrario aos modelos educativos europeos de maior éxito, non é a solución, polo tanto haberá que intentar cambiar as cousas cun goberno lexítimo e cun respaldo democrático que vai tratar de poñer en práctica a súa idea. Remata o sr. Blanco dicíndolle ó sr Alcalde que pouco éxito tivo coa Moción cando nin sequera obtivo o voto favorable do BNG.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo quen lle di ó sr. Blanco que o tema de educación si que é responsabilidade do Concello, posto que nos centros educativos do Barco hai 3.000 alumnos que a raíz desta Lei van ver cambiado o seu futuro. Di que con respecto á relixión o seu Grupo non plantexa a eliminación da relixión, que o único que din é que os alumnos que elixen relixión deberían ter dereito tamén a cursar educación ético-cívica ou manter a educación para a cidadanía e segundo o anteproxecto de Lei non poden facelo. Di o concelleiro que será unha interpretación persoal del dos artigos la LOMCE pero que os alumnos, os centros educativos, as ANPAS e as Universidades puxéronse de acordo para ir a unha folga xeral o día 9 do mes de maio. Remata dicindo que o mellor para cambiar as cousas é con diálogo e con consenso e non co rolo.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención ( do concelleiro Sierra Nieves) Pleno acorda:

#### **1.- Instar ao Goberno de España:**

**-A retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).**

**-A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico no que participen a Comunidade Educativa, o Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as**

**Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os  
Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de  
Educación.**

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

**1º Mocións urxentes**

Di o sr Alcalde que se presentaron dúas mocións polo Grupo Municipal do BNG, das que pasará a dar conta o concelleiro sr. Sierra Nieves.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do BNG, sr Sierra Nieves dá lectura da primeira moción presentada, que copiada literalmente di:

**“MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DE “PERSONA NON GRATA” A  
DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS  
PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de Rajoy caracterizouse por desenvolver unhas estritas políticas para beneficiar a banca en detrimento das persoas afectadas pola estada das preferentes e subordinadas, que contou co indubidábel apoio de deputados e deputadas galegos do PP que permitiron a quita e o canxe por accións. É o resultado dun modelo de banca especulativa e espoliadora e dun Goberno do PP que se converteu no brazo executor dos ditados desa banca.

O sistema financeiro do Estado español non só no foi penalizado polas súas irresponsábeis prácticas especulativas e as perdas que ocasionaron, senón que mesmo recibiu o auxilio incondicionado, sen exixir responsabilidades a cambio, do Goberno central. En xullo de 2012, o Goberno do PP, asinou o Memorando de entendemento coa UE onde asumiu unhas condicións gravosas para a maioría da cidadanía, dado que as persoas contribuíntes en xeral han de realizar enormes esforzos para rescatar a banca privada do Estado español, e dun xeito especialmente grave para milleiros de pequen@s aforrador@s, posuidor@s de participacións preferentes e débeda subordinada. Neste Memorando recóllese expresamente a obriga de que se adoptarán no Estado español medidas para que esas persoas aforradoras que, con engano, son agora titulares de participacións preferentes ou débeda subordinada, vexa obrigatoriamente convertido o diñeiro depositado en accións “con descontos considerábeis”, isto é, de vérense esfumados os seus aforros en papel de escaso valor.

Estas medidas, adoptadas a través de diversos reais decretos-leis aprobados polo Goberno central e sempre validados co apoio dos deputados/as galegos/as do PP,

supoñen un durísimo golpe a milleiros de familias que asisten á legalización do roubo dos seus aforros perpetrado coa connivencia do Goberno do PP, no canto de contribuir a facilitarlles a devolución íntegra do diñeiro depositado como lle correspondería xestionar e defender a quen representa a cidadanía.

Neste sentido, son moi graves os prexuízos que as políticas de Rajoy e as deputadas galegas e galegos no Congreso lle causan a Galiza e, en concreto, a Valdeorras. O PP pasou de ser cómplice da banca especuladora a culpábel do espolio do aforo dos galegos e das galegas, pois vén de legalizar o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse que colocaron produtos financeiros tóxicos con fraude, ocultación de información e abuso de confianza.

O PP rexeitou retirar o Real decreto-lei 6/2013, de 22 de marzo, de protección a titulares de determinados produtos de aforo e investimento de carácter financeiro que autoriza e regula definitivamente o procedemento para facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior cambio en accións de nula solvencia, en vez de adoptaren medidas ao servizo do pobo, como demanda o BNG para recuperar o 100% do diñeiro depositado nestes produtos financeiros, toda vez que se recoñeceu e se demostrou a súa colocación con engano e á mantenta en Galiza entre decenas de miles de persoas aforradoras e pequenas investidoras sen formación nin experiencia financeira.

Foron estas deputadas e deputados galegos quen legalizaron esta estafa para a captación de fondos de milleiros de familias que tiñan depositados os seus pequenos aforros nas entidades bancarias: Antonio Eiras, Antonio Pérez, Tristana Moraleja, Juan de Dios, Joaquín García, Jaime de Olano, Olga Iglesias, Celso Delgado, Guillermo Collarte Ana Belén Vázquez, Ana Pastor, Irene Garrido, Paz Lago, Telmo Martín e Marta González Vázquez.

Serán, pois máis de 600 millóns de euros de aforros galegos que emigrarán fóra do noso país en canto se consume este roubo individual ás persoas directamente afectadas e a Galiza no seu conxunto.

Esta é unha realidade que, por desgraza, coñecen moi ben centos de familias valdeorresas que levan ano e medio de loita e outras moitas que aínda veñen de saber que están afectadas por esta fraude cando se lles comunicou nas últimas semanas a aprobación da quitación autorizada polo Goberno do PP.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que ven como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.
2. Declarar persoas non gratas no concello do Barco de Valdeorras aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle

causan a milleiros de pequen@s aforrador@ e investidore@s deste concello.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP sr Blanco Paradelo quen di que a solución do BNG a todo ese grave problema é declarar persoas non gratas aos deputados que exercen a súa labor parlamentaria. Di que é un tema moi serio que afecta a moita xente, que vaia por diante a solidariedade do Partido Popular e o desexo de que canto antes todas as familias e persoas enganadas poidan recuperar os cartos e senón todos a gran maioría dos seus cartos, como xa pasou con moitas familias en Galicia. Di o concelleiro que o BNG ten que recoñecer que Galicia foi a única Comunidade Autónoma que achegou as solucións por vía da arbitraxe, que foi a comunidade que leva atendido a máis de 70.000 consultas, recordando que houbo seis acordos no Parlamento de Galicia por unanimidade de todas as forzas políticas para buscar solucións neste sentido. Di que o mesmo BNG como o Partido Socialista utilizan este tema para conseguir votos, aínda que a xente xa sabe quen era o responsable do Banco de España cando se comercializaron as participacións, entón non se lle pode votar a culpa ao Partido Popular, haberá que repartir as responsabilidades. Di o sr. Blanco que a proposta do BNG non é a solución pois o que hai que facer é seguir traballando todos desde a responsabilidade e desde a administración para resolver o problema e que non é unha proposta axeitada para presentar.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo quen di que desde o PSdeG-PSOE apoian aos afectados e rexeitan a política que está a facer o Partido Popular tanto en temas de vivenda e desaufizamentos como no abandono ao que están a deixar a persoas estafadas nas participacións preferentes e nas obrigas subordinadas, pois non se entende como pode haber 40.000 millóns de euros para rescatar á banca e non hai uns centos de millóns para rescatar aos estafados polas preferentes. Di que dende o seu partido entenden que as reprobacións son cuestións que debe solventar a cidadanía cos seus votos cando corresponda ou coas manifestacións que considere oportunas, nunca desde as institucións se debe denostar á política pois si algo é necesario nun momento de grave crise económica e de valores, como o que estamos a vivir, é a política. Remata dicindo que o seu Grupo Municipal vaise a abster no apoio á moción presentada polo BNG, aínda que estarían de acordo co punto número 1 da Moción, retirando o número 2 da mesma.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves quen di que ó mellor no próximo mes trae outra moción para que a aproben, pois xa se imaxinaba que o Partido Socialista íase a abster nesta moción. Di o concelleiro que a actuación do Partido Popular no Congreso non indica solidariedade e que se diga que os

afectados poidan recuperar os cartos sóalle a demagogia. Di que da igual quen gobernaba, PP ou PSOE, xa que o caso é que agora teñen que solucionar o problema. Di o sr. Sierra que hai xente morrendo e membros do partido do sr. Blanco nomean os escraches como nazismo e fascismo e que quizais deberían de ler algún libro de historia antes de falar.

Rematado o debate, procédese á votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria, co resultado de que, por un voto a favor (do concelleiro Sierra Nieves), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) e nove abstencións (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do BNG, sr Sierra Nieves dá lectura da segunda moción presentada, que copiada literalmente di:

### **“MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do PP no estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia”. Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que les evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito parello á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese



xeito, un servizo até o de agora gratuíto pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, “se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo”. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensión, prestación de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1. Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do estado relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP sr Blanco Paradelo quen di que polo momento, a finais do mes de abril de 2013, o Goberno non aprobou nin tan sequera un anteproxecto de Lei da Reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial e do Rexistro Civil, e que polo tanto é precipitado pronunciarse sobre borradores e convén agardar a que o Goberno presente un proxecto para coñecer o verdadeiro contido e alcance da reforma. Di o concelleiro que o Ministerio de Xustiza ten anunciado a súa vontade de aprobar unha reforma integral dos Rexistros que viría a deseñar un novo marco organizativo e funcional, caracterizado pola unificación dos rexistros máis relevantes do ordenamento xurídico español, citando entre outros, o civil, o mercantil, o da propiedade, o de bens mobles, o de seguros, co establecemento dun sistema de levanza dos rexistros por medios electrónicos a través dos rexistradores da propiedade e mercantís, deixando de depender dos xulgados e tribunais. Di que a desxudicialización da levanza dos rexistros non é unha novidade posto que foi aprobada polo Goberno Socialista na pasada lexislatura, mediante a Lei 20/2011, de 21 de xuño, do Rexistro Civil, e no relativo ao custo do servizo o propio Ministerio de Xustiza ten asegurado que xestións como a inscrición de

nacementos ou acta de defunción, que supoñen as dúas terceiras partes da función cotiá do Rexistro Civil, seguirán sendo gratuítas. Di o concelleiro que no relativo á demarcación da planta xudicial polo momento só hai unha proposta dunha comisión de expertos pero en ningún caso, segundo o Ministro, implicará a desaparición ou peche de xulgados existentes nos distintos municipios. Conclúe o sr. Blanco que por todo o exposto o seu Grupo non está de acordo coa Moción presentada.

Di o sr. Alcalde que o Grupo Socialista vai votar a favor por varias razóns, como por exemplo polo feito de dicir que as inscricións de nacemento probablemente van ser gratis, pode ser pero de entrada non se sabe, o que é certo é que si o fan nas oficinas do Rexistro Civil alguén o vai ter que pagar, pois a oficina ten que costear todos os gastos de tramitación. Pregúntase si as vodas, ao tramitarse na notaría serán gratis ou non, e que ese servizo dende o ano 1870 é un servizo gratuíto neste país. Di que as leis poden interrogarse, como fixo o actual Goberno coa Lei de educación e recorda que no ano 2011 o Estado gastou 129 millóns de euros en dixitalizar todos os libros de rexistro dende o ano 1950 para que estivera en toda España dixitalizado e agora vaise a privatizar todo o servizo e que se trata dun asunto grave pois preténdese deixar un Rexistro Civil por provincia e a xente dende os pobos terase que desprazar para tramitar os papeis e eso é un prexuízo. Di que están de acordo coa Moción, polo que dixo anteriormente e porque este tema foi debatido na executiva da FEGAMP fai 15 días, a proposta del, e acordouse na executiva deixar o acordo para este mes e tratar de levar unha proposta que fora acordada por unanimidade, como se está a facer cos asuntos que saen da FEGAMP, e que pensa que o acordo que se propoña pola FEGAMP vai ir na mesma liña que a proposta da Moción.

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo quen di que de momento non está aprobado nin o anteproxecto de lei e pensa que hai que esperar a eses meses de tramitación e seguramente volverase a debater.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) o Pleno acorda:

1. **Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do estado relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarias das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.**
2. **Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.**
3. **Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.**

## **2º Rogos e preguntas**

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen di que na Comisión de Obras do pasado martes falouse do mantemento dos parques infantís e que os representantes do seu Grupo presentaron fotos dalgunhas deficiencias nos parques como no da zona do Chao, e que quere rogar, de forma constructiva, ao Concelleiro delegado que se intensifique a labor de control e mantemento xa que agora chega o tempo no que máis se van a utilizar os parques infantís polos pequenos.

Contéstalle o sr Fernández Arias, concelleiro delegado de Deportes, Parques e Xardíns, que todos os parques infantís revisanse mensualmente, que fai dez días houbo unha revisión de todos os parques e que o problema de que houbera algún estrago no parque do Chao foi porque foron alí a comer moitos nenos que viñan a unha xuntanza das misións, que cando se comunicaron polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular os danos na Comisión de Obras buscouse a solución ó día seguinte para arranxalo e que todos os meses o técnico competente fai unha revisión de todos os parques infantís do Barco e dos pobos do Concello do Barco.

Di o Alcalde que a pesar das revisións mensuais que se fan nos parques infantís é frecuente que haxa partes da Policía Local onde comunica algún problema nalgun aparato dos parques, e unha vez que se ten constancia entrégaselle o parte da Policía Local ó Concelleiro de obras que o arranxa nese día se pode ser ou senón ó seguinte e si o problema é grave avísase á empresa para que veña a arranxalo.

Pide a palabra o sr. Sierra Nieves quen di que hai uns días a auga da traída do Barco viña turbia e o rogo que quería facer é que desde a Alcaldía se avisou á prensa pero debería ter en conta que non todo o mundo le a prensa

e que a xente ten outras formas de comunicación, non só a prensa, sobre todo pensando nesa porcentaxe de poboación que non ten acceso nin á prensa en internet nin a prensa escrita ou á radio.

Contéstalle o sr Alcalde que á prensa escrita notificóuselle ás oito da tarde, polo que xa non se podía contactar coas emisoras de radio, e a esa hora foi cando os técnicos da empresa déronse conta de que entraba auga turbia, e que foi por un feito fortuíto pois desprendeuse unha roca bastante grande augas arriba da captación, cun arrastre importante de terra que enturbou toda a auga e meteuse nos filtros, aínda que non era auga contaminada senón que era auga turbia, de todas formas ao día seguinte pola mañá xa se normalizou o servizo e a auga saía limpa.

**3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 145/13 ata ó nº 203/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 4, 11 e 18 de abril de 2013.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 145/13 ata o nº 203/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 4, 11 e 18 de abril de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:05 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez